

MATRÍCULA CURSO 2020-2021

DESTINATARIOS: Alumnado que comece a súa escolarización no curso 20-21 ou que desexe cambiar de centro educativo.

PRAZOS: Do 1 ao 20 de marzo farase a solicitude de admisión e do 20 ao 30 de xuño farase a formalización da matrícula.

PROCEDEMENTO:

a) A solicitude de admisión de alumnado realizarase mediante o modelo anexo II, (procedemento ED550B). O formulario poderá cumprimentarse na **aplicación admisionalumnado**, ou descargarse e cumprimentarse de forma manual polas familias.

b) Tamén se poderá descargar, e logo cumprimentar, da **Sede Electrónica da Xunta de Galicia**, na dirección <https://sede.xunta.gal/portada> ou da páxina web da Consellería de Educación <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>

c) Os centros educativos facilitarán, de forma gratuíta, unha **copia en papel** do formulario ás persoas interesadas que a soliciten.

A solicitude será única e **poderase presentar de forma presencial no centro educativo** que a rexistrará, **ou de forma electrónica a través da aplicación admisionalumnado**.

A **solicitude de admisión de alumnado** poderá **asinala** calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

Os representantes legais deberán manifestar na solicitude se desexan ou non utilizar os **servizos complementarios**. Os representantes legais tamén deberán indicar se o alumno presenta **necesidades específicas de apoio educativo** (achegando documentación xustificativa).

Xunto coa solicitude haberá que achegar a seguinte documentación **orixinal ou copia cotexada** (pódese facer no propio centro):

- a) Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a consulta.
- b) **Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.**
- c) Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.
- d) Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

CENTRO DE ADSCRIPCIÓN DO CRA DE OROSO: CEIP Sigüeiro.

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO: Oroso.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Non hai servizos complementarios.

NOTA INFORMATIVA

No caso de solicitar praza en varios colexios, só se entregará unha única solicitude no centro que se solicita en primeiro lugar. Nesta solicitude incluíranse os demais centros solicitados. A infracción desta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

O alumnado que teña garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

PUBLICACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

O centro educativo publicará na súa páxina web a data de publicación das listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos neste proceso de admisión. A dirección da web do centro é <https://www.edu.xunta.gal/centros/craoroso/>

A **consulta das listaxes polas familias** só se poderá realizar de forma:

a) **Presencial:** Única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar.

b) **Non presencial:** Única e exclusivamente a través da aplicación admisionalumnado empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre.

LEXISLACIÓN QUE REGULA O PROCESO DE MATRÍCULA

- DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.